



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Carlos López Font.
D^o. M^a José Caride Estévez.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día dezasete de xaneiro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(6).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións extraordinaria e urxente do 26 de decembro, ordinaria e extraordinaria e urxente do 27 de decembro, extraordinaria e urxente do 28 de decembro de 2018, e ordinaria do 3 de xaneiro de 2019. deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(7).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS (RELACIÓN 10/2018). EXPTE. 11828/111.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 05/12/18, asinado polo xefe da Área Xudicial-Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:
XGL relación 10/2018

1.- Sentenza nº 519 do 31 de outubro de 2018

Expediente nº 9815/111

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Recurso de apelación: 4082/2018

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de recurso de reposición do 27/11/12 contra desestimación de solicitude por ruídos en pista deportiva

Esta sentenza desestima o recurso de apelación fronte ao Auto ditado na execución da sentenza, e considera executada a sentenza.

A sentenza estima acreditada a execución por parte do Concello, ao elevar a cancela, executando os traballos, e realizando as medicións sonométricas.

O Servizo de Montes, Parques e Xardíns debe coñecer do resolto.

2.- Decreto nº 24 do 7 de novembro de 2018

Expediente nº 10349/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 554/2016

Obxecto: Resolucións da Xunta de Goberno Local do 07/10/16 e requirimentos derivados das mesmas

Expte(s): 960-330

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Por medio desta resolución se ten por desistida á parte demandante, e cos efectos recollidos na Lei 29/1998, se declara a terminación do procedemento.

Neste procedemento impugnaba unha das socias de Pazo de Congresos de Vigo S.A. os requirimentos municipais para cumprir coas obrigas establecidas no Prego da concesión.

O Servizo de Contratación e o de Cultura deben coñecer do resolto

3.- Sentenza nº 150 do 24 de outubro de 2018

Expediente nº 10875/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra

Abreviado: 210/2017

Obxecto: Resolución do Concelleiro Delegado da Área de Mobilidade e Seguridade que impón a sanción por importe de 1.200 euros

Expte(s): 168696772

Contía: 1.200,00 €

Sentenza desestimatoria da demanda do actor, quen cuestionaba o procedemento para as notificacións da sanción.

A sentenza considera correcto o requirimento para a identificación do condutor, e a desatención do mesmo, a conduta sancionada e infracción pola que se sanciona ao demandante.



Concello de Vigo

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

4.- Decreto nº 26 do 16 de novembro de 2018

Expediente nº 10948/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 350/2017

Obxecto: Contra acordo da XGL do 27/07/2017 polo que desestima recurso de reposición formulado contra outro

Expte(s): 29661/220

Esta resolución admite o escrito de desistimento da parte actora, e resolve o arquivo do procedemento.

A Área de Recursos Humanos debe coñecer do resolto.

5.- Sentenza nº 306 do 5 de novembro de 2018

Expediente nº 11275/111

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4

Recurso de apelación: 15011/2018

Obxecto: Liquidación definitiva ditada IBI con data 19/10/16 e resolución, confirmatoria, do T.E.A. de data 22/05/2017.

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso de apelación municipal, confirmando a sentenza de instancia e o dereito a exención no IBI da mercantil (recibo 2016), sen imposición de custas.

A Dirección de Ingresos e a Recadación Municipal/Tesourería deben coñecer o resolto.

6.- Sentenza nº 249 do 13 de novembro de 2018

Expediente nº 11406/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 127/2018

Obxecto: Contra acordo da XGL do 15/01/2018 que aproba a modificación puntual da vixente RPT.

Expte(s): 30627-220

Esta sentenza que non é firme, estima parcialmente o recurso e

1. anula o apartado 6º do acordo da X.G.L. do 12/04/2018 (sen introducir ningunha variación na RPT firme)

2. anula a resolución do 12/04/2018,

E desestima as demais pretensións da demanda (obriga de aprobar unha nova RPT)

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto para a súa execución (e informar con urxencia sobre a conveniencia de recorrer en apelación).

7.- Sentenza nº 281 do 15 de outubro de 2018

Expediente nº 11430/111

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4

Recurso de apelación: 15017/2018

Obxecto: Contra resolución do T.E.A. de data 31/07/201 por desestimación presunta do recurso contra providencia de constrinximento.

Esta Sentenza, que non é firme, confirma a sentenza de instancia e desestima o recurso de apelación interposto pola demandante, con imposición de custas. Confirma así o criterio de que non cabe, con ocasión da impugnación da providencia de prema, atacar a liquidación tributaria por motivos de fondo e así como a condición de suxeito pasivo da TGSS nos bens cedidos á Comunidade Autónoma, porque hai que atender á titularidade catastral, que corresponde á CA.

8.- Sentenza nº 207 do 26 de outubro de 2018
Expediente nº 11432/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 164/2018

Obxecto: Contra acordo do 28/11/2017 ditado polo TEA que desestima a reclamación económica-administrativa fronte o recibo nº 172345218 do IBI correspondente o ano 2017 por importe de 965.864,33 Euros.

Expte(s): 4522/550
Contía: 965.864,33 €

Esta sentenza que non é firme, anula a liquidación (exercicio 2017) e declara o dereito da demandante á aplicación da exención establecida e regulada no artigo 5.1.i da Ordenanza Fiscal nº 2 (IBI).

A Dirección de Ingresos e a Recadación Municipal/Tesourería deben coñecer o resolto.

9.- Sentenza nº 307 do 5 de novembro de 2018
Expediente nº 11469/111
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4
Recurso de apelación: 15029/2018

Obxecto: Contra resolución do T.E.A. de data 31/07/201 por desestimación presunta do recurso contra dilixencia de embargo

Desestima o recurso de apelación, con imposición de custas, confirmando a inembargabilidade dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Seguridade Social, coa matización de que os fondos bancarios son bens afectos a un fin e servizo público, polo que adquiren a condición xurídica peculiar de dominio público, e resultan tamén inembargables.

A Recadación Municipal/Tesourería debe coñecer o resolto, tendo en conta que en anteriores sentenzas de instancia indicouse que aínda que existe unha limitación nos medios de execución forzosa, isto non exclúe que a débeda apremiada poida satisfacerse a través doutros mecanismos, como a compensación de débedas.

10.- Sentenza do 19 de outubro de 2018
Expediente nº 11484/111
TSX Galicia, Sala do Social
Recurso de suplicación: 2135/2018

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e cantidades.



Concello de Vigo

Esta sentenza que é firme, e fronte á que non é posible máis que a interposición do Recurso de Casación en Unificación de doutrina, desestima o recurso de suplicación, confirmando a sentenza de instancia.

No resolto se indica que a apreciación do instituto da cousa xulgada por parte do Xulgado, expresamente invocada por esta parte, foi correcta. Outro tanto acontece coa prescrición, ao superar o prazo que por razóns de seguridade xurídica fixou o lexislador.

A Área de Persoal debe coñecer do resolto.

11.- Sentenza nº 233 do 15 de novembro de 2018

Expediente nº 11487/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 204/2018

Obxecto: Contra resolución do 15/02/2018 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 12/09/2017 que impón multa coercitiva por importe de 1.000 euros, orde de execución de limpeza de terreo.

Expte(s): 14844/310

A sentenza estima o recurso contencioso administrativo formulado contra a resolución da concelleira delegada de Medioambiente do 12 de febreiro de 2018 no expte núm. 14844/310 pola que se impuxo unha multa coercitiva a propietaria do terreo sito na rúa Pardaíña 32, revocando e anulando tal resolución.

A sentenza é firme, e non contén pronunciamento de custas.

Deben coñecer o resolto os servizos de Medioambiente e de Recadación Executiva.

12.- Sentenza nº 239 do 7 de novembro de 2018

Expediente nº 11499/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 212/2018

Obxecto: Reclamación polos danos sufridos como consecuencia de caída no parque sito na entrada do aparcadoiro da rúa Pintor Comeiro

Expte(s): 5345-243

Esta sentenza, estimatoria, impútalle á sociedade contratista a responsabilidade polos danos sufridos pola demandante, con base no incumprimento das prescricións do prego do contrato.

Considera acreditado o nexos de causalidade entre o accidente e os danos, e estima case totalmente a valoración dos danos que constaba na vía administrativa.

Como se indicou, a empresa Valoriza Servicios Medioambientales S.A. debe proceder ao abono da cantidade de condena, incrementada cos xuros, tal e como se recolle na sentenza.

Responsabilidade Patrimonial e Montes, Parques e Xardíns debe coñecer do resolto

13.- Sentenza nº 240 do 7 de novembro de 2018

Expediente nº 11504/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 123/2018

Obxecto: Resolución do 12/01/18 que impón sanción pola comisión dunha infracción de tráfico-estacionar en zona reservada para uso exclusivo de discapacitados

Expte(s): 178627439

Esta sentenza é firme por contía e estima a demanda do actor, porque considera que non se cumpriu coa garantía procedimental.

O sancionado é titular dunha tarxeta de autorización para estacionamento de discapacitados, no expediente non se acredita que non dispuxese dela exhibíndoa no frontal do vehículo. Se lle impoñen as custas ao Concello.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto para rectificar a tramitación.

14.- Sentenza nº 238 do 7 de novembro de 2018

Expediente nº 11505/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 151/2018

Obxecto: Resolución do 12/01/18 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 09/06/17 imposición multa por non identificar ao condutor

Expte(s): 178624129

Sentenza estimatoria con condena en custas ao Concello, por considerar infrinxido o principio de responsabilidade e culpabilidade ao identificar ao condutor do vehículo.

Segundo a sentenza, a sancionada non era quen dispoñía no momento da comisión da infracción do vehículo, segundo contrato de arrendamento, senón a arrendataria do mesmo, fronte a quen se dirixiu o Concello para posteriormente separala do procedemento ao atender ás súas alegacións.

O Servizo de Seguridade debe atender ao resolto e executar a sentenza

15.- Sentenza nº 204 do 25 de outubro de 2018

Expediente nº 11587/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 263/2018

Obxecto: Contra imposición sanción por infracción de tráfico.

Expte(s): 178697301

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben coñecer o resolto.

16.- Sentenza nº 23218 do 15 de novembro de 2018

Expediente nº 11616/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 289/2018

Obxecto: Contra resolución do Concello de Vigo de data 26/04/2018 pola que se inadmite reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos e prexuízos derivados a consecuencia dunha caída na rúa As Teixugueiras.

Expte(s): 5498/243



Concello de Vigo

A sentenza desestima o recurso contencioso administrativo formulado contra a resolución do concelleiro delegado de Patrimonio do 26 de abril de 2018 no expte 5498/243 que desestimaba unha reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos por unha caída na vía pública.

Imponlle as custas á parte demandante cun límite de 400 euros.

A sentenza é firme.

Debe coñecer o contido da sentenza o servizo de Patrimonio-RPA.

17.- Sentenza nº 483 do 20 de novembro de 2018

Expediente nº 11625/111

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Seguridade social: 517/2018

Obxecto: Contra determinación de continxencias incapacidade temporal.

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda presentada polo demandante, (do Servizo de extinción de incendios), e considera que a continxencia deriva dunha enfermidade común, e non dun accidente laboral ou enfermidade profesional.

A doenza previa nada ten que ver co alegado no escrito de demanda.

A Área de Recursos Humanos debe coñecer do resolto.

18.- Decreto nº 23 do 25 de outubro de 2018

Expediente nº 11677/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Procedemento ordinario: 312/2018

Obxecto: Contra acordo do Concello de Vigo de data 14/05/2018 desestimatorio dos Recursos de Reposición interpostos por PAZO DE CONGRESOS DE VIGO S.A., TESTA HOTELES S.A.U. e de TESTA INMUEBLES EN RENTA SOCIMI S.A., GESCENTESTA S.L.U. e GESFONTESTA S.A.U., contra o acordo da Xunta Goberno Local, do 07/10/2016, que acordou requirir de PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A., dos seus administradores e dos accionistas da mesma o cumprimento, no prazo que no acordo recorrido se establece, da obriga de saneamento patrimonial establecida no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS, con zonas complementarias na Avenida de Beiramar, en Vigo.

Expte(s): 1035/330

Por medio desta resolución, a Letrada da Administración de Xustiza declara rematado o procedemento, por desistimento do demandante, que impugnaba a desestimación do recurso de reposición fronte ao requerimento da XGL aos accionistas, administradores e administración concursal de Pazo de Congressos de Vigo S.A.

O Servizo de Cultura e Contratación deben coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso desta administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.



Concello de Vigo

3(8).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3866/321.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de 09/01/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro-delegado da Área de Contratación, a titular da Asesoría Xurídica, e polo Interventor Xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPA).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 4 de novembro de 2016 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante a XGL) acordou aprobar o expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3401-321), autorizar o gasto correspondente ó mesmo e autorizar a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 18 de maio de 2017 a XGL acordou:

“ Adxudicar a PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 251.220,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 43.600,20 euros.

b) Propón a instalación e mantemento dos seguintes sistemas de gravación:

- Unha plataforma de xestión de videovixilancia remota
 - con acceso desde móbil á plataforma
 - con xestión de cámaras remota
- Propón un incremento de cámaras de videovixilancia
 - 0 cámara exterior motorizada antivandálica
 - 1 cámara exterior antivandálica
 - 4 cámaras exterior / interior
- 0 Módulos antisabotaxe
- 0 Detectores volumétricos

c) Propón un incremento do número de visitas de control:

- Durante o peche dos centros 2 visitas.
- En horario diúrno en sábados, domingos e festivos 2 visitas.

d) Propón un incremento de 5 acudas por incidencia.

e) Propón unha periodicidade trimestral nas revisións e control de todos os medios de seguridade.

f) Propón un tempo de resposta ante avarías de 2 horas e 30 minutos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato formalizouse en data 28 de xuño de 2017, comezando a súa execución en data 1 de xullo de 2017. O prazo é de 4 anos a contar dende a data de inicio da execución. Prevénse dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- En data 2 de novembro de 2018, o xefe do servizo de Participación cidadá solicita do servizo de Contratación a modificación do contrato. Xustifica esta solicitude no feito de que “ a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 2 de marzo de 2017, acordou adscribir o inmovible municipal situado na rúa San Miguel nº 2, rúa Eduardo Cabello 39, e rúa Alfolíes 10, denominado “Casa do Patín”, en Bouzas, á área de Participación Cidadá. Unha vez rematadas as obras de rehabilitación do devandito inmovible, e trala súa apertura ao



Concello de Vigo

público, no exercicio pasado, como Centro Municipal de Distritos de Bouzas, é necesario tramitar a ampliación do servizo de seguridade adxudicado a través do expediente 3401-321, de xeito que se contemple no obxecto do devandito contrato ao novo centro adscrito, como xeito de garantir a seguridade e integridade do inmovible así como dos equipos informáticos, mobiliario e outros enseres existentes nas instalacións, fronte a roubos e actos vandálicos, durante o período comprendido entre o 01/01/2019 e 30/06/2021 (data de fin de contrato)”.

Cuarto.- En data 29 de outubro de 2018, D. Carlos Pájaro Pol, en representación do contratista, manifesta que acepta a modificación do contrato e propón un prezo anual de 15.705,26 euros.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LDCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas. Así evítanse conculcar os principios de

igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos nos que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á existencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que teña que seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- “ a apertura de novos centros ”

Se concorren estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- “ ampliación dos servizos de vixilancia a novos centros”

Se ben se establece como límite que a modificación non poderá superar o 25% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

Non se fixan no PCAP especialidades no procedemento a seguir en caso de modificación.

A modificación obxecto deste informe ven motivada por un incremento do número de centros, en concreto incrementase co ubicado na casa do Patín, en Bouzas.

Todos estes cambios se detallan no informe emitido polo xefe do servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura do servizo de Benestar Social e o xefe de Participación cidadá, de data 2 de novembro de 2018, que se reproduce a continuación:

“ a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 2 de marzo de 2017, acordou adscribir o inmovible municipal situado na rúa San Miguel nº 2, rúa Eduardo Cabello



Concello de Vigo

39, e rúa Alfolíes 10, denominado “Casa do Patín”, en Bouzas, á área de Participación Cidadá.

Unha vez rematadas as obras de rehabilitación do devandito inmovible, e trala súa apertura ao público, no exercicio pasado, como Centro Municipal de Distritos de Bouzas, dotado cunha oficina de información e atención ao público, un Centro Municipal de Internet, así como zonas para o desenvolvemento de actividades de formación en novas tecnoloxías e de cesión a asociacións e persoas interesadas no desenvolvemento de actividades de carácter social, cultural, etc, é necesario tramitar a ampliación do servizo de seguridade adxudicado a través do expediente 3401-321, de xeito que se contemple no obxecto do devandito contrato ao novo centro adscrito, como xeito de garantir a seguridade e integridade do inmovible así como dos equipos informáticos, mobiliario e outros enseres existentes nas instalacións, fronte a roubos e actos vandálicos, durante o período comprendido entre o 01/01/2019 e 30/06/2021 (data de fin de contrato)

(...)

Tras o requirimento formulado co núm. de saída 3403 de 23/10/2018, o prezo ofertado polo contratista no documento co núm. de rexistro 180173277 de 29/10/2018, é de 12.9676,25 €, sendo a cota correspondente ao IVE a de 2.725,01 €, o que suporía un prezo anual de 15.705,26 euros (IVE engadido). Debe colixirse, polo tanto, que o importe proposto é conforme coa oferta económica que serviu de base á adxudicación, sendo favorable aos intereses do Concello por axustarse aos do prezos de mercado.

(...)

A adxudicataria achega unha oferta económica de 15.705,26 euros/anuais (IVE incluído), o que supón un importe total de 39.263,14 €, para o período comprendido entre o 01/01/2019 e o 30/06/2021 (data de fin de contrato), polo que non excede do límite de 62.805,05 € previsto no apartado 16.D) das FEC (25% do prezo total do contrato de 251.220,20 €)”.

Podemos concluír, á vista deste informe, que a modificación proposta obedece a un incremento nos centros de distrito motivado pola incorporación á rede do inmovible municipal Casa do Patín, ubicada en Bouzas. Esta modificación supón un importe, no que resta do prazo contractual (dous anos e 6 meses) de 39.263,14 €, é dicir, representa un 15,63% de modificación do prezo do contrato. Podemos concluir que a mesma atópase dentro dos aspectos a modificar, circunstancias e límite da porcentaxe máxima de modificación do contrato (25%) previstos no apartado 16 das FEC do PCAP.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- **Límites procedimentais:** a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.
- **Límites materiais:** os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- **Límites económicos:** a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista. Non entanto, non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público cal é a necesidade de garantir a conservación do patrimonio municipal, obriga imposta pola lexislación patrimonial a todas as Administracións públicas. Resulta necesario para garantir a seguridade e integridade da Casa do Patin ampliar o servizo de vixilancia ó mesmo. Co servizo de vixilancia garantírase tanto a integridade do inmovible como o dos bens mobles incluídos no seu interior, tales como equipos informáticos, mobiliario e outros enseres fronte a roubos e actos vandálicos.

Respecto dos límites económicos, resulta é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Nesta liña, e tal e como se desprende do citado informe do xefe do Servizo, a Administración compensará ao contratista pola modificación proposta no que reste do período contractual: 15.705,26 euros/anuais (IVE incluído), o que supón un importe total de 39.263,14 €, para o período comprendido entre o 01/01/2019 e o 30/06/2021 (data de fin de contrato).

Evacuado o trámite de audiencia ó contratista, este manifesta a súa conformidade coa modificación proposta, en escrito con data 29 de outubro de 2018. En consecuencia, procede formular proposta sobre a presente modificación ó órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Na actualidade unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva. Se ben se permite que en casos especiais, o órgano de contratación poida establecer no prego de cláusulas que, ademais da garantía definitiva, préstese unha complementaria de ata un 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podendo alcanzar a garantía total un 10 por 100 do prezo do contrato (artigo 95.2).

A garantía definitiva responde, segundo o artigo 100 do TRLCSP:



Concello de Vigo

- a) Das penalidades impostas ao contratista conforme ao artigo 212.
- b) Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións, e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- c) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nesta Lei estea establecido.
- d) Ademais, no contrato de fornezo a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens fornecidos durante o prazo de garantía que se previu no contrato.

Esta garantía esexese aos que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ao licitador primeiro clasificado. De no constituírse no prazo concedido ó efecto, decaera o seu dereito á adxudicación do contrato, e o órgano de contratación adxudicará o contrato ó licitador seguinte, polo orde no que quedasen clasificadas as ofertas (artigo 99 en relación co artigo 151 do TRLCSP).

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, se prevé a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ó adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

O artigo 99.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación. En consecuencia, unha vez adoptado este, deberá notificarse ao contratista para estes efectos, para que proceda ao seu reaxuste con carácter previo á formalización da modificación.

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, o ser un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO:

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3401-321), nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Participación cidadá de data 2 de novembro de 2018, que consiste na incorporación dun novo centro correspondente ao inmovible municipal situado na rúa San Miguel nº 2, rúa Eduardo Cabello 39, e rúa Alfolíes 10, denominado “Casa do Patín”, en Bouzas e adscrito ao servizo de participación cidadá como Centro Municipal de Distritos de Bouzas. A modificación representa un 15,63% do prezo primitivo do contrato.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que supón un incremento do seu importe anual en 15.705,26 € dende o 10/01/2019 ao 30/06/2021, que se distribuirían orzamentariamente segundo o indicado no citado informe:

- ano 2019: 15.274,98 €
- ano 2020: 15.705,26 €



Concello de Vigo

- ano 2021: 7.852,63 €

TOTAL: 39.263,15 €

3º.- Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(9).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE CARNE PARA O VIGOZOO. EXPTE. 9568/612.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta 10/01/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do subministro de carne para a fauna de Vigozoo (9.568-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto de tramitación abreviada, do subministro de carne para a fauna de Vigozoo (9.568-612).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 10 de decembro de 2018, rematando o prazo de presentación de ofertas o 24 de decembro.

Terceiro.- Indica o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 26 de decembro de 2018: “Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 10-12-2018, para a contratación por procedemento aberto da “Adquisición de carne para o consumo da fauna animal no parque zoolóxico de Vigozoo. EXPTE. 9568-612” que rematou o día 24 de decembro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, **non se presentou ningunha oferta**”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se indica no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 26 de decembro de 2018, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do subministro de carne para a fauna de Vigozoo (9.568-612) por non terse presentado ningunha proposición”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(10).- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS PARA O ANO 2019 NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL DE PRIMARIA E SECUNDARIA. EXPTE. 22905/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta 07/12/18, asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada de Área, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Os municipios exercerán como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na seguinte materia de “conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial, segundo se recolle no art. 25.2, apartado n)”, da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalidade e sostenibilidade da Administración Local.



Concello de Vigo

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOE), establece o Consello Escolar no seu Capítulo III “Órganos Colexiados de goberno y de coordinación docente de los centros públicos”, artigos 126 e 127; que se modifica nos artigos 79 e 80 da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

En cumprimento do establecido no Decreto 92/1988 do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario (DOG 29/04/88) e demais disposicións legais vixentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o Consello Escolar de Centro defínese como o órgano de participación da comunidade escolar, ademais de constituír a canle para o control e a xestión dos fondos públicos. A participación é o mecanismo idóneo para atender axeitadamente os dereitos e liberdades das nais e pais, do profesorado e alumnado.

Os Concellos, como organismos que teñen responsabilidades legais no mantemento dos colexios públicos e que colaboran coa Administración responsable na común tarefa de educar, teñen un representante municipal nos Consellos Escolares dos centros de ensino público. Estes representantes municipais nos consellos escolares de centros, desempeñarán as atribucións que están establecidas no artigo 80 da LOMCE e nos Decretos desenvolvidos con posterioridade. Como funcións específicas dos representantes municipais cabe salientar as seguintes:

1. Achegar os recursos ubicados no Municipio á escola, para levar á práctica o principio de interacción escola-medio.
2. Levar a realidade da escola, as súas necesidades e propostas ao Concello, e si fora preciso trasladala a outras institucións ou áreas da Administración Pública.
3. Velar pola neutralidade dos centros públicos e porque se respecten e cumpran os dereitos dos diferentes sectores da Comunidade Educativa, especialmente os que recollen os artigos 14, 16, 20 e 27 da Constitución, da LOE que posteriormente foi modificada pola LOMCE e dos Decretos desenvolvidos con posterioridade..
4. Canalizar os procesos de admisión de alumnado de acordo coa planificación xeral que se realice pola Administración Educativa.
5. Canalizar a información e propostas sobre prestación de servizos complementarios como os comedores escolares, transporte ou becas.
6. Plantexar ao Consello Escolar, que con criterios pedagóxicos se programen actividades orientadas a facer dos centros lugares axeitados para unha acción educativa.
7. Por especial atención ao seguimento do Plan de Centro.
8. Velar para que se cumpra a LOE que posteriormente foi modificada pola LOMCE, e especialmente acadar que a escolarización obrigatoria e gratuíta se faga compensando as desigualdades.
9. Comprobar que o destino dos recursos económicos que reciben do Concello os colexios públicos de educación infantil e primaria, é o que está previsto no expediente de financiamento municipal de autoxestión correspondente, destinado as tarefas de mantemento preventivo e ordinario.

Con estas funcións específicas, e seguindo instrucións da Concelleira Delegada de Educación, a proposta xeral do Servizo de Educación do Concello de Vigo é que o persoal nomeado para este cometido sexan funcionarios e funcionarias adscritos ao servizo de Educación, Benestar Social, Xuventude e Admon. de Tributos polo seu coñecemento na xestión das competencias educativas municipais e pola súa experiencia en promover e planificar dende estos Servizos municipais intervencións de apoio ao ensino.

Por outra banda, se facilitan así as xuntanzas de coordinación e intercambio de información referente ás actuacións municipais no eido do ensino, que obrigatoriamente deberán manter os/as representantes municipais co obxecto que o desenvolvemento deste programa sexa eficaz para acadar unha axeitada interacción Concello-Escola.

A efectos retributivos, a cantidade económica a percibir polos/as representantes municipais por asistencias aos Consellos Escolares de Centro serán, as homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal; por unha banda, na categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B quedando establecidas en 39,78.-€, e por outra banda, na categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D quedando establecidas en 36,72.-€, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro se totalizarán, a efectos de pago, dúas veces ó ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2019. Os custes totais destinados ao pago das dietas por asistencias aos Consellos Escolares de Centro para o ano 2019, serán aplicados con cargo á partida presupostaria 3230.233.00.00 "Dietas de asistencia a Consellos Escolares" do presuposto de 2019.

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, ás persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019.

ZONA 1.

PEDRO M^a VÁZQUEZ IGLESIAS (NIF 11.904.805-M) Pertenece ao Grupo A2

1. CEIP Emilia Pardo Bazán.
2. CEIP Illas Cíes.
3. CEIP Escultor Acuña.
4. CEIP Seis do Nadal.
5. CEIP Pintor Laxeiro.
6. IES Alexandre Bóveda.



Concello de Vigo

7. IES Alvaro Cunqueiro.
8. Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV)

ZONA 2.

MARÍA JOSÉ LOUREIRO BADA (NIF 36.080.259-K) Pertenece ao Grupo A1

1. CEP Santa Tegra.
2. Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico.
3. CEIP García Barbón.
4. CEIP Lope de Vega.
5. CEIP Sárdoma Moledo.

ZONA 3.

ROSA MARÍA TORRES BOUZAS (NIF 36.019.300-N) Pertenece ao Grupo C1

1. Escola Infantil Municipal Sta. Cristina.
2. Escola Infantil Municipal Atalaia.
3. Escola Infantil Municipal Sta. Marta.
4. Escola Infantil Municipal Costeira.
5. Escola Infantil Municipal Tomás Alonso.
6. Escola Infantil Municipal Bouzas.
7. Escola Infantil Municipal Mestres Goldar.
8. Escola Infantil Municipal Navia.
9. CEP Doutor Fléming.
10. EEI Villalaura.

ZONA 4.

IGNACIO OJEA PÉREZ (NIF 36.046.809-J) Pertenece ao Grupo A1

1. CEIP Candeán Fonteescura.
2. CEIP Alcabre- Javier Sensat.
3. CEIP Bouzas Virxe do Rocío.
4. CEIP Navia A. R. Castelao.
5. CEIP Comesaña-Párroco Don Camilo.
6. IES Sta. Irene.
7. IES Sto. Tomé de Freixeiro.
8. Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

9. IES Audiovisual Vigo.

ZONA 5

PILAR CARNEIRO MINIÑO (NIF 76.986.963-Y) Pertenece ao grupo A1

1. CEIP Coruxo-Carrasqueira.
2. IES Coruxo Carrasqueira.
3. CEIP A Paz-Tintureira.
4. CEIP Ría de Vigo.
5. IES Valadares.

ZONA 6

ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ (NIF 36.058.643-W) Pertenece ao grupo C1

1. CEIP Frián- Teis.
2. CEIP Paraixal.
3. EPA Berbés.
4. IES ROU (Rosais I).
5. IES Rosais 2.

ZONA 7

ANGELES LANDIN LORENZO (NIF 36.091.654-P) Pertenece ao grupo C1

1. CEIP Eduardo Pondal.
2. CEIP O Pombal.
3. E.E.I Rúa Aragón
4. E.E.I. Palencia.
5. E.E.I Hernán Cortés.
6. CEIP Balaidos.
7. CEIP Vicente Risco.

ZONA 8

MARIA JOSÉ FARALDO RIVAS (NIF: 36.056.377-J) Pertenece a grupo C2

1. E.E.I. Cristo da Victoria.
2. E.E.I. Monte da Guía.



Concello de Vigo

3. CEIP Canicouva- Pereiró.
4. CEP Celso Emilio Ferreiro.
5. CEIP Ramón y Cajal.

ZONA 9

MARIA JESÚS SANROMAN VARELA (NIF: 36.018.668-R) Pertenece a grupo A2

1. CEIP San Salvador (Teis).
2. CEIP Josefa Alonso.
3. CEIP Otero Pedraio.
4. IES Teis.
5. IES A Guía.

ZONA 10

MARIA RITA RIELO FRANCO (NIF: 36.067.074-S) Pertenece a grupo C1

1. CEIP Mosteiro-Bembrive.
2. CEIP Chans-Bembrive.
3. CEIP Santa Mariña – Cabral.
4. CEIP Cabral Sello.
5. CEE Saladino Cortizo.
6. IES Beade.

ZONA 11

YOLANDA FAJIN TORRES (NIF: 33.297.554-V) Pertenece a grupo A2

1. CEIP A Doblada.
2. CEIP Valle Inclán.
3. CEIP Carballal (Cabral).
4. IES Castelao.
5. IES Carlos Casares.
6. IES Ricardo Mella.

ZONA 12

ESTELA ROSENDE VILLAR (NIF 36.069.110-G) Pertenece a grupo A2

1. CEIP Igrexa-Valadares.
2. CEIP Sobreira-Valadares.

3. CEIP Coutada-Beadé.
4. EEI Monte do Alba.
5. EEI Zamáns.
6. E.E.I. Valadares.

ZONA 13

MARIA GABRIELA ROMERO BANDEIRA (NIF 36.035.364-E) Pertenece a grupo C1

1. CEIP Candeán Igrexa.
2. CEIP Altamar.
3. CEIP Mestres Goldar.
4. IES O Castro.
5. IES Politécnico.

Segundo.- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos A e B e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos C e D, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro se totalizarán, a efectos de pago, dúas veces ó ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2019.

A previsión do gasto anual polo concepto "Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo" é de 12.000.-€, con cargo á partida 3230.233.00.00 do presuposto de 2019.

Terceiro.- Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, se convocará, cando menos, de xeito trimestral.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(11).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO "PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2019". EXPTE. 8955/224.



Concello de Vigo

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 21/12/18, e o informe de fiscalización do 09/01/19, dáse conta do informe-proposta de 26/12/18, asinado pola axente de Igualdade, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Concelleira delegada de Igualdade, mediante Resolución de data 20.12.2018 ordenou o inicio o expediente administrativo para a aprobación do «Programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero».

Este expediente recolle as bases e a convocatoria específica para a concesión de subvencións directas para mulleres en situación de violencia de xénero, no ano 2019, por un importe máximo de 15.000,00€ con cargo á partida “Bolsas económicas” 2311- 480.00.00 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A violencia contra as mulleres, que aínda existe na nosa sociedade, constitúe a manifestación máis extrema da desigualdade. No período comprendido entre o 01.01.2003 ata o 18.12.2018, 965 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas só en España, segundo datos do Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad. Non obstante, hai que ter en conta que este é un dos aspectos máis dramáticos e visibles das consecuencias da violencia de xénero, pero esta se manifesta de diversas formas e en diversos contextos, quedando moitas veces oculta. Ademais, esta violencia afecta tamén os e as menores que a sofren, con consecuencias fatais para o seu desenvolvemento. Desde o ano 2013, segundo datos do Ministerio, 27 menores foron vítimas mortais da violencia de xénero. Por isto, é necesario por parte dos poderes públicos e das administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de novembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no seu artigo 1 inclúe dentro do seu obxecto a prestación de asistencia as mulleres, a seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela, ou garda e custodia, vítimas desta violencia. No seu artigo 19, ademais, establece o dereito á asistencia social integral para as vítimas, e a competencia para a súa organización por parte das Corporacións Locais.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No seu artigo 21, imponlles ás Entidades Locais o deber de integrar o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborar, a tal efecto, co resto das Administracións públicas.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, atribúen ás entidades locais competencias en: actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.

Esta materia atópase vinculada ás competencias que en materia de igualdade e promoción das mulleres ten delegadas a Concellería de Igualdade mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 e que no relativo a este servizo e á súa

finalidade, son: conceder axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, previa proposta técnica das profesionais dos servizos municipais de atención as mulleres.

O IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009 e vixente na actualidade por acordo da Xunta de Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2013, contempla entre os seus obxectivos específicos garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero. Entre as actuacións a poñer en marcha: potenciación e incremento dos recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia.

Consciente da necesidade de actuar contra a violencia de xénero, e no marco das súas competencias, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada nos últimos anos, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia dende diversos dispositivos e programas municipais. Así, a través da Concellería de Igualdade, lévanse a cabo programas de prevención e sensibilización, ademais da posta en marcha dunha serie de servizos e programas de atención e tratamento específico e integral da violencia de xénero. Cabe salientar o labor desenvolvido desde o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, desde o cal se ofrece apoio e asesoramento legal, psicolóxico e social, que se complementa con dispositivos de acollemento como o Centro de Emerxencia ou a Rede de Vivendas Municipal dirixido a vítimas de violencia de xénero.

Para que o acollemento e a atención sexa integral, a intervención non só debe comprender aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos, senón que existen aspectos económicos de carácter urxente que deben ser cubertos para que as mulleres en situación de estar a padecer violencia de xénero logren acadar unha vida autónoma.

A maior parte das usuarias da rede municipal de atención e acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria. A falta de cualificación profesional, a dependencia económica e afectiva co agresor, a baixa autoestima, a responsabilidade de ter baixo o seu coidado a menores ou persoas dependentes, o medo, e as propias limitacións no mercado de traballo, fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida sexan enormemente dificultosas. Así, a experiencia acumulada de máis de dúas décadas de traballo, indica a necesidade de que por parte da administración se lles recoñeza o dereito a unha axuda económica temporal que facilite unha vida autónoma, independente e favoreza a ruptura co agresor.

Para acadar este fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas para mulleres vítimas de violencia de xénero no ano 2019, no marco definido na normativa reguladora das subvencións públicas e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, dentro das Bases de execución orzamentaria.

A finalidade desta medida é dotar ás mulleres dunha axuda económica temporal, non periódica, que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura e que poderán consistir en: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

No casos extremos de que a muller faleza ou teña lesións físicas ou psíquicas que lle imposibiliten ser beneficiaria, as axudas se poderán destinar a facer fronte principalmente a



Concello de Vigo

gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que convivisen coa vítima e dependesen economicamente dela.

Correspóndelle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo, ou profesional da Concellería de Igualdade competente en cada caso, informar, asesorar, e orientar ás mulleres interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc, deste réxime de axudas, así como de realizar a valoración profesional, acreditación de situación de violencia de xénero e a proposta de concesión.

As axudas económicas que se concedan ao abeiro desta convocatoria terán necesariamente carácter temporal e non periódico, para atender situacións concretas derivadas da situación de violencia de xénero valorada e acreditada polo equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo.

No uso das competencias que lle atribúe o Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, a concelleira de Igualdade terá a facultade de conceder as axudas, previa conformidade da xefa do Servizo.

A concesión das axudas axustarase no seu conxunto á seguinte partida e importe:

Partida	Importe
"Bolsas económicas" 2311- 480.00.00	15.000,00 €.

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificarase a partida na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á legalidade vixente en materia orzamentaria.

O réxime xurídico no que se enmarca este programa de actuación é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xullo, así como as Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Por isto, este expediente establece o marco de actuación para o procedemento aplicable o longo do ano 2019, no marco xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Consta dos obxectivos a clasificación das axudas, requisitos e obrigas das destinatarias así como as peculiaridades da xestión destas subvencións directas. Contémplanse, igualmente, as contías máximas das axudas directas e a posibilidade de compatibilizalas con outras subvencións.

En relación co cumprimento dos procedementos para a concesión directa establecidos na Lei Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente contempla os principios recollidos no artigo 26.2 da citada Lei.

Ao amparo do artigo 13.2.e) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, atendendo á natureza destas axudas, para obter a condición de beneficiaria exceptúase o requisito de acreditar estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas non periódicas para mulleres vítimas de violencia de xénero, e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) e o 20.8. b) da Lei 38/2003, 30 do RD 887/2006 e 15.2 d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da concesión, toda vez que a mesma se estima contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restrición aplícase tamén ó Portal da Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións” (SNPS).

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local:

“1º Aprobar o Programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2019 que se recollen no Anexo I do expediente 8955-224.

2º Autorizar o gasto por importe de 15.000,00 Euros (quinze mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311 480.00.00 do orzamento vixente, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

3º Aprobar o texto da convocatoria do programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero durante o exercicio 2019 e do extracto da mesma, (Anexos II e III) que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base o establecido na Resolución de 10 de decembro da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

4º Autorizar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 15.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número 36.098.882-Z, xefa do servizo de Igualdade e Amalia Mª Gándara Fernández, con DNI número 36.107.637Y, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.”

ANEXO I

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto

Estas bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar o procedemento aplicable para o outorgamento das axudas directas de carácter non periódico para mulleres vítimas de violencia de xénero para o ano 2019.

SEGUNDA.- Finalidade das axudas



Concello de Vigo

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación acreditada de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que, a xuízo dos servizos municipais de atención á muller, non poidan ser cubertas pola beneficiaria.

O programa diríxese ás mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atencións as mulleres do Concello de Vigo.

No casos extremos en que a muller faleza ou teña lesións físicas ou psíquicas que lle imposibiliten ser beneficiaria, as axudas poderanse destinar a facer fronte principalmente a gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que convivisen coa vítima e dependesen economicamente dela.

Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas, e poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

TERCEIRA.- Beneficiarias

a) Mulleres vítimas de violencia de xénero que estean a tratamento nos dispositivos específicos de atención ás mulleres do Concello de Vigo: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Centro de Emerxencia e/ou Rede Municipal de Vivendas de Protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

b) No caso de que a muller padeza lesións psíquicas ou físicas que imposibiliten a recepción da axuda, está poderase conceder a algún membro/a da súa familia.

c) No caso extremo de que a muller faleza, con carácter excepcional poderase conceder a axuda económica ás persoas que conviviran coa vítima e dependesen economicamente dos seus ingresos, coordinando o caso cos servizos sociais de atención primaria. Cando sexan fillos e fillas menores de idade, os que convivisen coa nai, o beneficiario/a da axuda será a persoa adulta que se responsabilice do/s menores.

As circunstancias descritas nos apartados b) e c) deberán acreditarse no informe técnico da proposta da axuda.

CUARTA.- Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Ter acreditada a situación de vítima de violencia de xénero por parte do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo.

3º.- Residir no termo municipal de Vigo.

4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos derivados da súa solicitude, a valoración da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade.

6º .- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da situación de necesidade e da situación de violencia de xénero que solicite o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou ben, autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) para obter das administracións públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Tendo en conta a natureza destas axudas, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 da LXS (Lei 38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiaria.

QUINTA.- Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 15.000,00 euros (quinze mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria “*Bolsas económicas*” 2311.480.00.00 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificarase a partida na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria.

SEXTA.- Contía das axudas e procedemento de concesión e valoración

O procedemento de concesión destas axudas iniciarase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Correspóndelle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo, ou profesional da Concellería de Igualdade competente en cada caso, informar, asesorar, e orientar ás mulleres interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc, deste réxime de axudas, así como de realizar a valoración profesional, acreditación de situación de violencia de xénero e a proposta de concesión.

No informe social emitido deberá quedar acreditada as limitacións económicas que ten a beneficiaria para facer fronte aos devanditos gastos así como a urxencia e a imposibilidade de que as necesidades reflectidas no informe sexan atendidas polos servizos sociais de atención primaria ou por outras administracións públicas.

Esta axuda é compatible con outras axudas de carácter público e/ou privado.

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres.

A concelleira delegada de Igualdade será quen teña a facultade para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas.

Unha vez concedida a axuda, a beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción desta para presentar a xustificación perante a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, mediante facturas ou



Concello de Vigo

documentos acreditativos do gasto realizado. A traballadora social comprobará que queda xustificado o gasto e a finalidade da axuda concedida.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables

As axudas concedidas con cargo a este programa teñen carácter temporal, non periódicas, para abordar aspectos concretos derivados da situación de violencia de xénero, situación acreditada e valorada polas profesionais do equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo.

Estas axudas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

A concesión dunha destas axudas non dá dereito por si mesmo á concesión doutra polo mesmo concepto. Tampouco poderán ser invocadas como precedente.

OITAVA.- Presentación de solicitude e prazo

As interesadas poderán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro Xeral Municipal, ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cubertas e asinadas pola solicitante.

Atenderanse solicitudes desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e ata o día 23.12.2019.

NOVENA.- Solicitude de fondos

A Concellería de Igualdade solicitará o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas, que se farán efectivas na conta restrinxida da Tesourería municipal con cargo á aplicación orzamentaria núm. 2311.480.00.00 do orzamento vixente.

DÉCIMA.- Obrigas das persoas beneficiarias

1. Aplicar a axuda á finalidade para a que foi concedida.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar da posible beneficiaria.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.
4. Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.
5. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas polas profesionais do equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
6. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Publicidade das axudas concedidas

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas non periódicas para mulleres vítimas de violencia de xénero, e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD 887/2006 e 15.2 d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restrición aplícase tamén ó Portal da Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións” (SNPS).

DÉCIMO SEGUNDA.- Xustificación das axudas

a) Lugar: as beneficiarias xustificarán as axudas concedidas presentando perante a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) a documentación que se indica no seguinte apartado.

b) Documentación: as axudas concedidas quedarán xustificadas coa presentación do DNI, ou outro documento oficial de identidade, unha declaración asinada pola beneficiaria conforme recibiu a axuda económica e as facturas ou comprobantes do gasto efectuado. No caso de que a axuda fose concedida para cubrir gastos de necesidades básicas, como poden ser os cartos de peto ou manutención, os documentos acreditativos dos gastos realizados quedarán baixo a custodia da traballadora social do CMIDM, podendo ser consultados pola Intervención Xeral.

c) Prazo: a beneficiaria disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da axuda para presentar a xustificación perante a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. A traballadora social comprobará que queda xustificado o gasto e a finalidade da axuda concedida.

DÉCIMO TERCEIRA.- Departamento responsable

Concellería de Igualdade: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller en coordinación co Servizo de Igualdade do Concello de Vigo

DÉCIMO CUARTA.- Avaliación e seguimento

O seguimento da utilización e destino das axudas corresponderalle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

No expediente deberá incluírse a proposta-fundamentada da axuda e a contía concedida de cada muller beneficiaria desta axuda.

Co obxecto de realizar o seguimento e axustar a medida, elaborárase unha memoria anual que reflicta cando menos:

- número de beneficiarias
- finalidade da axuda
- importe das axudas concedidas
- seguimento do destino das axudas
- número de solicitudes denegadas
- motivo de denegación de solicitudes

ANEXO I-A

IMPRESO DE SOLICITUDE



Concello de Vigo



Concello de Vigo
C.I.F. P3605700H
Praza do Rei 1 - 36202
Tel: 986 810 100

**PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS DIRECTAS
PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA
DE XÉNERO
ANO 2019**

CONCELLERÍA DE IGUALDADE

registro Selo

SEÑOR/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE VIGO

SOLICITANTE	* DNI ou CIF	* Nome e apelidos			* Teléfono 1	Teléfono 2
	ENDEREZO FISCAL					
	* Nome da rúa, praza, etc	* Núm	Portal	Escalera	* Piso	* Porta * Cód. Postal
	Parroquia	* Municipio	* Data nacemento	* País nacemento	Correo electrónico	

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN								
Nome da rúa, praza, etc			Número	Portal	Escalera	Piso	Porta	Cód. Postal
Parroquia	Municipio	Provincia		Correo electrónico				

REPRESENTANTE	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social			Teléfono 1		Teléfono 2		
	Nome da rúa, praza, etc			Número	Portal	Escalera	Piso	Porta	Cód. Postal
	Parroquia	Municipio	Provincia		Correo electrónico				

*Campos que se deben cubrir obrigatoriamente.

SOLICITA:

Unha axuda económica con cargo ao PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO (ano 2019) da Concellería de Igualdade, para:

.....(indicar concepto e importe solicitado).

Para o que achega a seguinte documentación:.....

.....

.....

Pode consultar o estado da súa solicitude accedendo a Oficina Virtual do Concello na web www.vigo.org. Tamén pode recibir información adicional indicando o método desexado:

- Mensaxe (SMS) ao móbil
- Correo electrónico.

DECLARA:

1º Que coñece e acepta as bases do “Programa municipal de axudas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2019” da Concellería de Igualdade.

2º Que non esta incurso nas prohibicións legais para ser beneficiaria de subvencións públicas e que os datos que figuran nesta solicitude son certos.

As persoas que de seguido se relacionan autorizan ao Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) a obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación desta solicitude, de acordo coas Bases do programa.

Nome e apelidos	nº DNI/ NIE/ Pasaporte	Sinatura

(Firma da solicitante)

Vigo, dede 2019

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámola dos seguintes extremos:

Os datos de carácter persoal que achegue serán obxecto de tratamento dos ficheiros responsabilidade do Concello de Vigo

A finalidade do tratamento é xestionar o programa de axudas económicas dirixidas a vítimas de violencia de xénero municipal. Estes datos non serán cedidos a terceiros, salvo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a dpd.vigo@vigo.org

Así mesmo, as persoas usuarias teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.



Concello de Vigo

ANEXO II

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS DIRECTAS PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2019

Bases reguladoras

As Bases reguladoras do «Programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2019, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº-----

Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 15.000,00 euros (quinze mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311.480.00.00 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Obxecto e finalidade

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que non poidan ser cubertas pola beneficiaria. Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas.

Destinatarias

O programa diríxese ás mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atención ás mulleres do Concello de Vigo.

Gastos subvencionables

As axudas concedidas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

- 1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada
- 2º.- Ter acreditada a situación de vítima de violencia de xénero por parte do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo
- 3º.-Residir no termo municipal de Vigo
- 4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos derivados da súa solicitude, a valoración da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
- 5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade.
- 6º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da situación de necesidade e da situación de Violencia de Xénero que solicite o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou ben, autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Contía das axudas

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres.

Presentación de solicitudes e prazo

As interesadas deberán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro Xeral municipal, ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cumprimentadas e asinadas pola solicitante.

O prazo de presentación comezará o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e finalizará o 23 de decembro de 2019.

Publicidade

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas non periódicas para mulleres vítimas de violencia de xénero, e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) e o 20.8. b) da Lei 38/2003, 30 do RD 887/2006 e 15.2 d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da concesión, toda vez que a mesma se estima contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restrición aplícase tamén ó Portal da Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións” (SNPS).

ANEXO III

EXTRACTO

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data, polo que se aproba a convocatoria do “Programa de axudas directas para mulleres vítimas de violencia de xénero para o ano 2019”.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/dbnstrans/index>):

PRIMEIRA.- BENEFICIARIAS

O programa diríxese as mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atención as mulleres do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- OBXECTO E FINALIDADE

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación acreditada de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que, a xuízo dos servizos municipais de atención á muller, non poidan ser cubertas pola beneficiaria.



Concello de Vigo

TERCEIRA.- CONTÍA DAS AXUDAS

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas

CUARTA.- CRÉDITO DE APLICACIÓN PRESUPOSTARIA

A cantidade máxima destinada a este programa será 15.000,00 euros (quince mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria "Bolsas económicas" 2311.480.00.00 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación comezará o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e finalizará o 23 de decembro de 2019.

SEXTA.- BASES REGULADORAS

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). Remítirase a Convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma. Ao mesmo, publicaranse no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(12).- DAR CONTA DO INFORME ANUAL SOBRE O FUNCIONAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA (SADI).EXPTE. 6749/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de 20/12/18, asinado pola axente de Igualdade, a xefa do Servizo de Igualdade, e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

O Servizo Municipal de Atención Domiciliaria á Infancia é un servizo específico da Concellería de Igualdade. Na actualidade, a xestión deste servizo está adxudicada mediante un contrato maior á seguinte entidade:

- Adxudicataria: "Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo", co CIF: G36657336
- Data de adxudicación: acordo da Xunta de Goberno Local do 10.06.2016
- Data de inicio do contrato: 01.07.2016
- Duración: 2 anos, con posibilidade de dúas prórrogas de 1 ano de duración cada unha
- Vencemento do período contractual: 30.06.2018

- Data de inicio da prórroga: 01.07.2018 (Acordo da XGL: 15.03.2018)
- Vencemento da actual prórroga: 30.06.2019
- Vencemento da 2ª e última prórroga no caso de aprobarse: 30.06.2020

O correspondente prego de cláusulas administrativas particulares de data 22.02.2016 atribúelle á responsable do contrato a función de elaborar anualmente un informe sobre o funcionamento do servizo no que se fagan constar as incidencias producidas no seu desenvolvemento así como calquera outras circunstancias que estime relevantes. Deste informe darase conta ao órgano de contratación no prazo dun mes desde a súa elaboración. Polo cal, a xefa de Igualdade, responsable do contrato conforme establece o apartado 1C das Follas de Características do Contrato (FEC), ten a obriga de emitir periodicamente informes sobre a execución do servizo, e dar conta destes á Xunta de Goberno Local.

Para dar cumprimento a esta obriga, emítase o seguinte informe:

Na data actual, este Servizo de Igualdade valora que a a xestión por parte da empresa concesionaria está a ser correcta, os traballos están a executarse eficazmente, e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da empresa que afecten ao normal funcionamento do servizo.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

8(13).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE UN/UNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO (TREBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE REXISTRO XERAL. EXPTE. 33188/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 04/01/19, dáse conta do informe-proposta de 27/12/18, asinado pola técnica da Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- Con data 17/12/2018, o Xefe do Rexistro Xeral coa conformidade da Xefa da Área de Réxime Interior, remite oficio manifestando a urxente necesidade de auxiliares de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.
- 2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 20/12/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a



Concello de Vigo

correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 21/12/2018, emítase polo Técnico de organización e planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar, da vixente Relación de Postos de Traballo



Concello de Vigo

(RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa da Área de Réxime Interior, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de

xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses dun/dunha auxiliar de administración xeral para o Rexistro Xeral, supón un gasto de **11.803,74 €** (data prevista de nomeamento 07/01/2018), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.624,04 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser nomeadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D^a. Elisabeth Serrano Vilariño con DNI 77***9*8-*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

O/a mesmo/a aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:



Concello de Vigo

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **auxiliar de administración xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do Rexistro Xeral contidas no escrito do 17/12/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **11.803,74 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. Elisabeth Serrano Vilariño con DNI 77***9*8-*, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliar), sendo adscrito/a ao Rexistro Xeral, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, á Xefa da Área de Réxime Interior, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(14).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA SUBALTERNO/A BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RD LEXISLATIVO 5/2015 DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TREBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE BIBLIOTECAS. EXPTE. 33160/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 04/01/19, dáse conta do informe-proposta de 21/12/18, asinado pola técnica da Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 30/10/2018, o Concelleiro-delegado de Cultura, remite escrito manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/unha subalterno/a por mor da situación existente no Servizo de Bibliotecas, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 18/12/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha subalterno/a por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 18/12/2018, emítese polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



Concello de Vigo

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º**) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que**

una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-subalterno, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de



Concello de Vigo

execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude do concelleiro delegado da Área de Cultura, así como na instrución de servizo de data 18/12/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha subalterno/a para o Servizo de Benestar Social, supón un gasto de **10.911,02 €** (data prevista do nomeamento 02/01/2018), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.420,47 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capítulo I de gastos.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D. O. Rodríguez López con DNI *****892-H de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

A mesma aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **subalterno/a**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Bibliotecas, contidas no escrito de 30/10/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **10.911,02 €** (data prevista do nomeamento 02/01/2018), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D. O. Rodríguez López con DNI *****892-H na súa condición de seguinte aspirante nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de



Concello de Vigo

Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Subalterno/a, sendo adscrito/a ao Servizo de Bibliotecas, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, ao Xefe da Área de Benestar Social, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(15).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA SUBALTERNO/A BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RD LEXISLATIVO 5/2015 DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TREBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 33126/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 04/01/19, dáse conta do informe-proposta de 20/12/18, asinado pola técnica da Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 28/11/2018, o o Xefe da área de Benestar Social coa conformidade da Concelleira-delegada de Política Social, remite escrito manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de, entre outros, un/unha subalterno/a por mor da situación existente no Servizo de Benestar social, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 12/12/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha subalterno/a por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 18/12/2018, emítese polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:



Concello de Vigo

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de

tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-subalterno, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.



Concello de Vigo

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude do xefe da área de Benestar social e a concelleira delegada de política social, así como na instrución de servizo de data 12/12/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha subalterno/a para o Servizo de Benestar Social, supón un gasto de **10.911,02 €** (data prevista do nomeamento 07/01/2018), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.420,47 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D^a P. Romero Gil-Delgado con DNI *****450-K de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

A mesma aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **subalterno/a**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas no escrito de 28/11/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **10.911,02 €** (data prevista do nomeamento 07/01/2018), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a P. Romero Gil-Delgado con DNI *****450-K, na súa condición de seguinte aspirante nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Subalterno/a, sendo adscrito/a ao Servizo de Benestar social, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.



Concello de Vigo

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, ao Xefe da Área de Benestar Social, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(16).- INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DE SERVIZO (GASTOS DE LOCOMOCIÓN) DE DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS. EXPTE. 33088/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 02/01/19, dáse conta do informe-proposta de 14/12/18, asinado pola técnica da Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Na Área de Recursos Humanos e Formación teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos a indemnizacións por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.

Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vías e Obras, Desenvolvemento Local e Emprego, Conserxería, Seguridade e Mobilidade, Servizos Económicos (Inspección Tributos), Cemiterios, Museos, Benestar Social, Normalización Lingüística, e Educación.

En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa

correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

No caso do expediente 82557/250, a Comisión de Goberno de data 20/10/2003 acordou recoñecer unha indemnización por importe de 120,20 € mensuais ao funcionario con número de persoal 78966, actualmente Xefe da Unidade de Mantemento dos Viais Municipais. Incorpórase en dito expediente relación dos servizos encomendados consistentes no control das obras de mantemento, medición e toma de datos para a redacción de proxectos, subdirección de obras municipais, supervisión de proxectos, informes de expedientes que afectan á vía pública, etc., incluíndo relación de expedientes e localización das obras.

Así mesmo, compróbase que no expediente núm.: 32604/220 aprobouse o aboamento de 15,30 € á funcionaria con número de persoal 23840, adscrita ao servizo de Normalización Lingüística, cando a cantidade correcta era de 64,70 € (expediente núm.: 2370/334 unido ao 32604/220), polo que se deberá aboar a cantidade pendente (49,4€) que, xunto co importe de 22,6 € -expediente 2408/334-, resulta un total de 72,00 €.

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas xefaturas de Servizo e conformadas polos concelleiros/as-delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por esta área, supón un importe de **9.249,26 €**.

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir as indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétese no listado subseguinte -que comeza polo empregado público con número de persoal 11682 e que remata co empregado con número de persoal 19399-:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Pers	Período	Importe
82094-82499-	VÍAS E OBRAS	Villar Estévez, R.	****815J	11682	Xuño-nov	766,27 €
82647-82872-		Amoedo Moreira, J.L.	****079V	22467	Xuño	154,66 €
82872-83069/250		Matilde Viñas, J.E.	****551P	11831	Xuño-out.	503,69 €
82557/250		Berros Pérez, A.	****182H	78966	3º trim.18	360,60 €
15651-15897/77	D.L.EMPREGO	Gutiérrez Orúe, F.J.	****232R	13920	Xuño-out.	92,48 €
529-533-	CONSERXERÍA	Fernández Amil, F.	****162E	13706	Ago-nov	1.038,54 €
536-539/201		Yáñez Rodríguez, J.	****496H	17822	Ago-nov	1.145,51 €
180129809/1801437 75	SEGURIDADE E MOBILIDADE	Roca Dafonte, J.M.	****643B	15303	Ago-nov	783,18 €
180158849/1801755 17		Rodríguez Caramés, J.M.	****314D	15355	Ago-nov	666,14 €
		Bacelos González, J.	****371N	15480	Ago-nov	612,56 €
35248/502	SERV.ECO- NÓM.	Fragua Jamarido, V.	****018D	15510	Ago-out	640,87 €
35290/502		Fernández Pedreira, E.	****726R	11529	Ago-out	549,86 €



Concello de Vigo

35316/502		Comesaña Rial, M.	****647F	9550	Ago-out	798,00 €
11579-11616-11648-11696/255	CEMITERIOS	Rodríguez López, A.	****284W	76430	Ago-nov	486,59 €
180148463	MUSEOS	Ballesta De Diego, J.J.	****836L	76439	Outubro	57,71 €
180142292		Egea Torrón, P.	****376C	18543	Xuño-out.	15,96 €
180156554		Rodríguez Fernández, X.	****837V	80072	Set-out.	43,32 €
178516/301	B. SOCIAL	Díaz Sánchez, M.	****105M	82992	Outubro	7,73 €
176560-177871/301		Martínez Ramos, E.	****793E	79557	Ago-out.	5,00 €
2408/334	NORMALIZ.-LING	Souto González, M.P.	****893R	23840	Abril-set.	72,00 €
180187265	EDUCACIÓN	Codesido Rodríguez, J.F.	****823K	19399	Xuño-out.	448,59 €
TOTAL						9.249,26 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

II.- Artigos 10, 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2018.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguintes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2018.

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO :

"Aprobar o gasto por un importe de **9.249,26 €**, correspondente aos **desprazamentos** efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos na área de Recursos Humanos e Formación, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou áreas e contan coa conformidade dos concelleiros/as-delegados/as das áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza polo empregado público con número de persoal 11682 e que remata co empregado con número de persoal 19399-,

imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 231.2 -Gastos de Locomoción.

As partidas funcionais son as seguintes:

NÚM. PARTIDA	SERVIZO	TOTAL
1532	Vías e Obras - Ospio	1.785,22 €
2410	Desenvolvemento Local e Emprego	92,48 €
9200	Conserxería	2.184,05 €
1330	Mobilidade e Seguridade	2.061,88 €
9320	Servizos Económicos	1.988,73 €
1640	Cemiterios	486,59 €
3371	Museos	116,99 €
2310	Benestar Social	12,73 €
3341	Normalización Lingüística	72,00 €
3230	Educación	448,59 €
	TOTAL	9.249,26 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(17).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO PARA A ELABORACIÓN E IMPLANTACIÓN E POSTERIOR REVISIÓN DE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO E ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE. 386/2202.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe o informe xurídico de data 27/12/18 e o informe de fiscalización do 09/01/19, dáse conta do informe-proposta de 26/12/18, asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais/Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, Isabel Cabeza Pereiro, técnica de Prevención de Riscos Laborais do Servizo¹ Propio de Prevención de Riscos Laborais do concello de Vigo (en adiante SPPRL-CV), coa conformidade da xefa da área de RRHH e Formación emite informe en data 7/09/2018 da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na contratación dun servizo para a redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as escolas infantís municipais, escola municipal de música e escola de teatro, en cumprimento do establecido no artigo 20 da Lei 31/1995, de 8

¹ Integrado na Área de RRHH e Formación, constituído por Decreto de Alcaldía de data 27 de febreiro de 2004, en cumprimento do establecido no art. 31.- Lei 31/95, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais, art.14.- Real Decreto 39/97, de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos servizos de Prevención e seguindo a organización da xestión da prevención de riscos laborais establecida no Plan de Prevención do Concello de Vigo (aprobado en sesión plenaria de data 29 de novembro de 2010).



Concello de Vigo

de novembro de prevención de riscos laborais, no R.D. 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias adicados a actividades que poden dar orixe a situacións de emerxencia, e o DECRETO 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia

2.- Con data 07/09/2018 o Concelleiro delegado da área de Xestión Municipal e Persoal resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo consistente na contratación dun servizo para a redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as escolas infantís municipais, escola municipal de música e escola de teatro.

3.- Con data 28/11/2018, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola técnica de prevención de riscos laborais do SPPRL-CV, conformado pola xefa da área de RRHH e Formación.

4.- Con data de 13/12/2018, a técnica de prevención de riscos laborais Isabel Cabeza Pereiro asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, que é conformada pola xefa da área de RRHH e Formación e polo Concelleiro delegado da área de Xestión Municipal e Persoal.

5.- Con posterioridade redáctase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 21/12/2018.

6.- O orzamento base de licitación que ascende a 24.200 € (IVE incluído), que podería imputarse á aplicación presupostaria 9201.227.99.00 "Asistencias Técnicas Plan Riscos Laborais e bolsa de vinculación do art. 22 do programa orzamentario da área de RRHH e Formación para o vixente exercicio económico".

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O artigo 20 da Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais, o R.D. 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias adicados a actividades que poden dar orixe a situacións de emerxencia, e o DECRETO 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia establecen a necesidade de analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e outras posibles emerxencias e evacuación dos traballadores e usuarios do centro.

2.- O expediente de contratación iníciase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP); no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos Concelleiros de Área segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015).

3.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a técnica de Prevención de Riscos Laborais, coa conformidade da xefa da área de RRHH e Formación asinou o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na contratación dun servizo para a redacción e implantación e posterior revisión de plans de

autoprotección para as escolas infantís municipais, escola municipal de música e escola de teatro.

4.- En cumprimento do establecido nos artigos 116.4 e 116.3 da LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola técnica de PRL e conformada pola xefa da área de RRHH e Formación e o Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal e Persoal, e o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de PRL e conformado pola xefa da área de RRHH e Formación e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

5.- A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos de carácter administrativo, de conformidade co o establecido nos artigos 17 e 25 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O contrato adxudicarase por procedemento aberto mediante pluralidade de criterios de adxudicación, en aplicación dos artigos 131.2, 145, y 156.1 de la LCSP, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal. A tramitación do procedemento é a ordinaria conforme ao artigo 156 da LCSP.

6.- Ao expediente incorporárase o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente.

7.- A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. A resolución segundo o artigo 117 da citada lei deberá ser motivada, aprobará o expediente de contratación, disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo de redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as escolas infantís municipais, escola municipal de música e escola de teatro (expediente 386/2202), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 28/11/2018 asinado pola Técnica de Prevención de Riscos Laborais e conformado pola xefa de área de RRHH e Formación e o prego de prescricións administrativas particulares de data 21/12/2018, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 24.200 € (IVE incluído) con cargo á aplicación presupostaria 9201.227.99.00 "Asistencias Técnicas Plan Riscos Laborais" e bolsa de vinculación do art. 22 do programa orzamentario da área de RRHH e Formación para o vixente exercicio económico".

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(18).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA A NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO A PRAZA DA POLICÍA LOCAL POLA QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL(OEP 2010/2011) E NOVO NOMEAMENTO. EXPTE. 32452/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 03/01/19, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O Órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión, entre outras, de cinco prazas de Policía Local, pola quenda de mobilidade horizontal, incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, en réxime funcional de dedicación exclusiva, enmarcadas no grupo C de titulación, Subgrupo C1; escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, policía local; categoría, policía local, para os efectos de titulación, na súa sesión de data 31/05/2018, acordou propoñer aos seguintes aspirantes por orden de puntuación:

- Feijóo Sanchez, J. 75,355 puntos.
- Pardo Otero, C. 74,280 puntos.
- Sabucedo Bestilleiro, F. 73,940 puntos.
- Currás Rincón, J. M. 73,600 puntos.
- Arias estevez, D. 71,790 puntos.

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 05/07/2018.

A Xunta de Goberno Local con data 28 de setembro do 2018 acordou o nomeamento como funcionarios de carreira dos seguintes aspirante:

- Feijóo Sanchez, J. con DNI **.***.650-Z
- Pardo Otero, C. con DNI **.***.991-Z
- Sabucedo Bestilleiro, F. con DNI **.***.191-D
- Currás Rincón, J. M. con DNI **.***.916-M
- Arias estevez, D. con DNI **.***.931-S

Con data 24 de outubro do 2018 recébase no rexistro xeral do Concello de Vigo doc. 180171297, escrito no que o aspirante D. J. Feijó Sánchez, con DNI **.***.650-Z, presenta a renuncia o seu nomeamento como funcionario de carreira.

Segundo consta na actualidade na acta núm. 21 do referido Órgano de Selección, compróbase que o seguinte aspirante que obtivo mellor puntuación se corresponde co núm. 6 da lista, D. JORGE GÓMEZ BALEA, con DNI 44.***.*90-* cunha puntuación de 63,63 puntos.

O referido aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de Alcaldía e acordos da Xunta de Goberno Local de datas de 19/06/2015 e 30/12/2016, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Aceptar a renuncia presentada en data 24 de outubro de 2018, por D. Julio Feijó Sánchez, con DNI **.712.**0-*, recibida no rexistro Xeral do Concello de Vigo con núm. de doc. 180171297, polo que renuncia o nomeamento como funcionario de carreira, para cubrir unha praza de Policía Local, pola quenda de mobilidade horizontal, incluída nas ofertas de emprego público correspondente aos anos 2010/2011.

SEGUNDO: Deixar sen efectos o nomeamento de D. Julio Feijó Sanchez, con DNI **.***.650-Z, no acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de setembro do 2018 onde se nomeaba funcionario de carreira, como Policía Local, para cubrir as prazas pola quenda de mobilidade horizontal incluídas nas ofertas de emprego público 2010/2011, o seguinte aspirante:

- D. JULIO FEIJOÓ SÁNCHEZ, con DNI **.712.**0-*

TERCEIRO: Nomear funcionario de carreira, con cargo á praza vacante de **POLICÍA LOCAL**, incluída nas ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2010/2011, pola quenda de mobilidade horizontal, o seguinte aspirante, proposto polo Órgano de Selección, que superou o concurso previsto nas bases da convocatoria:

- D. JORGE GÓMEZ BALEA con DNI 44.***.*90-*

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como



Concello de Vigo

funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

CUARTO: O presente acordo notifíquese os interesados, Sres. Concelleiros-delegados das Áreas de Xestión Municipal, Seguridade e Mobilidade, Tráfico, Transportes e Extinción de Incendios, Intendente-xefe do Corpo da Policía Local, Intervención Xeral Municipal, Area de Recursos Humanos e Formación (Técnicos da Área, Negociado de Seguridade Social, Inspector auxiliar de Persoal) e Comité de Persoal aos efectos oportunos, significándolles que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(19).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez